*Un papel fundamental nos procesos educativos actuais xógao a capacidade do profesor para motivar. Debemos enriquecer os mecanismos de interacción na aula e non monopolizar a acción educativa, deixando de lado as antigas leccións maxistras. Xerar empatías, espertar curiosidade, facer referencias a temas actuais, potenciar a creatividade e a educación, estimular sentimentos son accións que nos axudarán a conseguir este obxectivo. Isto pode poñerse en práctica formulando preguntas ao alumnado, establecendo debates e coloquios, confrontando ideas e hipóteses, presentando mapas e transparencias, etc. A contribución ao reforzo da autoestima e do autoconcepto pola súa parte será notábel. Importancia con relación a este aspecto teñen tamén a avaliación formativa e a aprendizaxe inductiva, no sentido de que permiten recoñecer erros e aprender deles. É importante que o estudante saiba autoavaliarse, o que lle servirá para controlar por si mesmo o seu proceso de aprendizaxe.*

67

### **Estratexias metodolóxicas**

*Explicarase agora e de xeito abreviado a fundamentación teórica das distintas metodoloxías educativas que pretendemos empregar. Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este poderá abordarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade:*

- **Motivacional:** as lecturas de textos que ilustren os temas que se tratarán, a participación no proceso de avaliación, a interacción profesor-alumno e alumno-alumno, as referencias a temas actuais, os debates e coloquios, etc. son procedementos e estratexias que contribúen a motivar e espertar a curiosidade do alumnado.

- **Expositiva:** dela serán partícipes tanto o profesor, explicando contidos e conceptos, como o alumno, dando conta das conclusións ás que cada quen chegue nos seus traballos de investigación, nos seus exercicios, no seu traballo diario, non só ao realizar traballos individuais, senón tamén nos colectivos.

- **Observacional:** os estudantes deberán prestar atención ás explicacións e exposicións de contidos por parte do profesor, que pola súa banda, tendo como meta a avaliación, deberá observar o grao de atención e participación dos alumnos e alumnas nas presentacións da aula e nas actividades programadas. Deste xeito poderá concluír se se acadaron, non se acadaron ou están en proceso os obxectivos propostos para cada persoa e se as actividades responden aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación pensados.

- **Memorística:** aínda que non será a metodoloxía principal nin pasa por ser a máis aceptada nin recomendábel, si será preciso acudir a ela para que o alumnado, co esforzo que isto lle require, cimenten unha base de contidos morfolóxicos, sintácticos e léxicos sobre a que poidan traballar de xeito máis eficaz na análise e tradución de textos. Neste sentido cómpre sinalar que no eido da lingua se lle concede unha grande importancia ao estudo do vocabulario como procedemento non só para afianzar os coñecementos léxicos do alumnado, senón tamén para conformar unha bagaxe de palabras que lle sirva para reducir a necesidade de uso do dicionario. Estudaremos unha serie de raíces que nos permitan observar a presenza do vocabulario grego na nosa realidade actual, así como aqueles elementos (prefixos e sufixos) que se empregan hoxe en día en diversas linguas de Europa na creación de palabras, especialmente nos eidos da ciencia e a tecnoloxía.

- **Analítica:** esta metodoloxía terá un peso básico á hora de tratar contidos de fe de textos relixiosos .

- **Dedutiva:** as semellanzas entre linguas como o latín e o grego ou as existentes dentro da mesma lingua permitirán que, sobre a base duns coñecementos xa adquiridos, se lles poida pedir aos alumnos a niveis elementais e introdutorios que deduzan desinencias, formas nominais e verbais, evolucións fonéticas concretas, etc.

- **Resolutiva:** en calquera momento das sesións os alumnos aproveitarán para resolver as súas dúbidas formulando cantas consultas estimen ao profesor. As actividades programadas con relación a contidos anteriormente expostos serán unha boa pedra de toque para comprobar se todas as dúbidas están resoltas ou se hai erros comúns que precisen dunha nova explicación.

- **Investigadora:** programaranse distintos exercicios nos que os alumnos, unha veces baixo as orientacións do profesor, outras veces pola súa propia man, deberán buscar, discriminar, sintetizar e

expoñer en público información, o cal lles servirá como práctica para os seus futuros estudos universitarios.

- **Comparativa:** segundo vimos dicindo, será un pilar no noso método o contraste entre as estruturas culturais da civilización grecolatina e as da nosa: os dereitos e deberes dos cidadáns, as clases sociais, os sistemas políticos, as tendencias artísticas, os morfemas, as desinencias, a sintaxe, etc. As semellanzas e as diferenzas entre as dúas realidades axudarán a fixar os contidos que nos propoñemos.

- **Cooperativa:** nun mundo cada vez máis globalizado como o que nos toca vivir o traballo en equipo cobra co paso do tempo maior relevancia.

- **Personalizada:** traballaremos sobre as características concretas de cada alumno, favorecendo a súa capacidade para aprender autonomamente e traballar en equipo, así como o seu coñecemento da realidade segundo os principios básicos do método científico. Programaranse actividades concretas para as persoas con dificultades de aprendizaxe, actividades de repaso para quen acada os obxectivos sen dificultades e actividades de ampliación para o caso de que alguén reclame avanzar máis nalgún tema.

- **Participativa:** procurarase en todo momento que a aprendizaxe por parte dos alumnos sexa activa, que se involucren nela, que interaccionen no proceso educativo. Adoptarase unha estratexia construtiva, na que se teña en conta o punto de partida do alumnado para avanzar cara a aprendizaxe de coñecementos, habilidades e actitudes.

- **Interdisciplinaria:** a través dos contidos e da cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Linguas galega e castelá e literatura, Filosofía e cidadanía, Historia da arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, Educación para a cidadanía e os dereitos humanos, etc. O tratamento dalgúns temas permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e xeoloxía, Física e química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc. e coñecer o papel que tivo aí a Relixión, nos homes e mulleres de ciencia.

## **Orientacións de metodoloxía didáctica.**

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: « conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados» (Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro).

Neste sentido a asignatura de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:

- *Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza crave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.*
- *Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.*
- *Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.*
- *Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A asignatura de relixión, dende a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivos, actitudinais, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmos senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.*
- *Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.*
- *Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se evalúe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.*
- *Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha asignatura adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.*
- *Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar.*

## **6.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR**

*Non se estableceu un libro de texto específico para esta materia, aínda que usamos con certa frecuencia o libro dixital de ANAYA. O pasado ano como novidade nos incorporamos no Plan Edixgal e aproveitaremos o material que nos ofrece esta plataforma.*

*Traballaremos coa pizarra dixital, a aula virtual e con documentos dixitalizados, tamén se entregarán fotocopias, mapas e mapas conceptuais cando precisen. Para este fin o departamento espera poder dispor dalgúns materiais básicos para facer traballos manuais, así como cores, rotuladores, cartolinas, e outros. No caso de necesitar outro tipo de materiais pediráselle ós alumnos que os traian da casa (para a elaboración de actividades específicas) como é o caso do belén reciclado.*

*No presente curso escolar é indispensable que cada alumno dispoña dun caderno persoal e/ou blog no que estarán recollidos os recursos didácticos, tamén manexaremos con asiduidade a Biblia, ademais doutros materiais que con carácter xeral serán proporcionados pola profesora (fotocopias, textos, mapas...), e outros materiais de reforzo ou consulta.*

*Tendo en conta os criterios metodolóxicos desta programación, resulta moi necesario para desenvolver con éxito o proceso de ensinanza-aprendizaxe o uso dos seguintes materiais: fontes bibliográficas de cada unidade didáctica, acceso ás novas tecnoloxías, PCs e outros dispositivos informáticos e tecnolóxicos, internet, medios audiovisuais, TV, Vídeo, DVD, proxector multimedia, equipos de son ou radiocassettes. Contamos con poder dispor da Biblioteca escolar, da aula de informática ou aula con equipamento TIC e pizarra dixital con certa regularidade, fichas das carpetas de recursos do Departamento, Documentos da Igrexa Católica (encíclicas, artigos e outras publicacións), Revistas, diarios, comentarios de texto (especialmente en Bacharelato), Videoteca e bibliografía do centro, Blogs de aula e wikis, exposición en paneis e murais, diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel coma na Rede, cancións e actividades musicais, xogos e dinámicas grupais, presentacións en prezi, power point e noutros formatos, exercicios de valores, etc.*

71

## **7.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

### *7.1. Criterios de cualificación e promoción.*

*Os criterios de cualificación -relacionados coa valoración e notas finais- somentes son un aspecto máis de todo o proceso avaliativo, cuantifican se o alumno acadou os obxectivos, contidos mínimos e estándares de aprendizaxe segundo os procedementos e criterios de avaliación establecidos na Programación.*

*A nota de cualificación farase cos números do 1 ao 10 e calcularase segundo os parámetros seguintes:*

*ACTITUDE ANTE A MATERIA ( implicación, participación ...)*

*Supón un 35% na nota.*

### *VALORACIÓN DAS TAREFAS PROPOSTAS NA AULA*

*Terase en conta a presentación do caderno de clase que reflicte as tarefas propostas, o respecto ás normas de clase, a curiosidade e interese pola materia. Tamén se terá en conta: Preguntas e/ou respostas a fichas, aclaracións, suxestións oportunas ó profesor e compañeiros.*

*Exercicios propostos polo profesor. Valorarase a entrega nos prazos, a calidade dos contidos, variedade de fontes, capacidade de análise e de síntese e participación no grupo cando sexan de facer en equipo.*

*Aos alumnos que fagan exercicios de xeito voluntario teráselles en conta para recuperar as posibles ausencias á clase ou compensar as deficiencias nos exercicios obrigatorios. Supón un 50% na nota.*

*AVALIACIÓN DAS DIVERSAS UNIDADES DIDÁCTICAS.*

*Exercicios escritos ( en forma de test, convencionais) sobre dos contidos estudados. Supón un 15% da nota. Poderanse usar materiais para a súa realización.*

*Se na nota final de xuño o alumno/a non acada un 5 de puntuación, fará un exame dos temas tratados no curso na avaliación extraordinaria de setembro.*



**8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E  
A PRÁCTICA DOCENTE**

--

<b>Indicador</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<i>Utilización das TIC</i>	<i>En ningunha unidade.</i>	<i>Nalgunhas unidades.</i>	<i>Na maioría das unidades</i>	<i>En todas as unidades</i>
<i>Cumprimento do proxecto lector</i>				
<i>Porcentaxe de aprobados</i>	<i>50% - 60%</i>	<i>60% - 70%</i>	<i>70% - 85%</i>	<i>85% - 100%</i>
<i>Realización de actividades en parella, grupo, etc.</i>	<i>En ningunha unidade.</i>	<i>Nalgunhas unidades.</i>	<i>Na maioría das unidades</i>	<i>En todas as unidades</i>
<i>Emprego de recursos variados na práctica docente</i>	<i>En ningunha unidade.</i>	<i>Nalgunhas unidades.</i>	<i>Na maioría das unidades</i>	<i>En todas as unidades</i>
<i>Tratamento de temas transversais</i>	<i>Non se trataron os temas transversais</i>	<i>Tratáronse algúns dos temas establecidos</i>	<i>Tratáronse a maioría dos temas establecidos</i>	<i>Tratáronse todos os temas establecidos</i>
<i>Cumprimento da temporalización</i>	<i>En ningunha unidade.</i>	<i>Nalgunhas unidades.</i>	<i>Na maioría das unidades</i>	<i>En todas as unidades</i>

## **9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

### **ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN**

*O Departamento de Relixión ten contemplado que aqueles alumnos que durante o curso non acaden o grado mínimo dos estándares plantexados e suspendan a asignatura ,deberán no ano académico seguinte realizar unha serie de actividades ou traballos relacionados cos estándares traballados para así recuperar a materia. Estes serán recollidos dentro do prazo indicado . Tendo en conta para cualificación dos traballos realizados o contido, a presentación, a ortografía e a corrección gramatical.*

*Os traballos serán monográficos .*

*Os alumnos de Bacharelato realizarán un traballo escrito.*

*Esta materia cabe sinalar que é de contido non progresivo*

*A convocatoria preceptiva será en abril-maio.*

*O profesorado encargado será o responsable do Departamento.*

*O alumnado será informado puntualmente das datas de entrega das actividades propostas para a recuperación da materia así como da súa calificación.*

## **10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITEN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.**

*O departamento non contempla que os alumnos necesiten acreditar coñecementos previos da materia para cursar 1º BAC.*

## **11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

75

### **DIRECTRICES**

*A finalidade da avaliación inicial e axustar as condicións de ensino-aprendizaxe de cada grupo, co fin de obter un rendimento adecuado. Que non conleva a emitir una cualificación do alumno.*

*Os obxectivos da avaliación inicial concretaránse da seguinte forma:*

- *Distinguiránse entre:*
  - a. *Niveis/ cursos. Prestando especial atención ao alumnado que ingresa en 1º de ESO. E realizando una análise dos demais cursos da etapa obrigatoria.*
  - b. *Tipo de materias: Instrumentais e non instrumentais: de continuidade na etapa ou interetapas, ou de non continuidade.*
- *Avaliaránse os coñecementos previos necesarios para a aprendizaxe no novo nivel académico.*
- *Será no inicio do curso escolar no 1º mes de clase aprox. Cando se realizará a avaliación, atendendo á aplicación deseñada para o curso por parte do equipo directivo e o departamento de orientación.*

## **PROCEDEMENTOS**

*A realización da avaliación inicial atenderá os seguintes puntos:*

- *Verificación da consolidación dos obxectivos académicos.*
- *Análise da motivación e da autonomía do alumnado, método de traballo.*
- *Comprobación do grado de cumprimento das tarefas encomendadas( casa, aula)*
- *Atención ás dificultades amosadas respecto ás capacidades comprensiva e expresiva de carácter xeral.*
- *Constatación do clima de traballo no grupo. E asistencia á clase.*

## **INSTRUMENTOS**

*Distinguiránse dous tipos de instrumentos nesta avaliación, ambos complementarios:*

- *As fontes de información de carácter institucional:*
  - a. Historia escolar do alumno.*
  - b. Información ofrecida pola titoria, equipo directivo e orientación.*
- *As do propio departamento :*
  - a. Probas de nivel.*
  - b. Traballo diario.*
  - c. Exercicios encomendados.*
  - d. Análise de áreas pendentes de Primaria ou Secundaria.*
  - e. Promoción por imperativo legal.*
  - f. Repeticións.*
  - g. Apoios en materias ou reforzos.*
- *Rexistro de actitudes ante a materia. Actividades realizadas, capacidade comprensiva e expresiva en xeral e específica da materia.*
- *Rexistro de comportamento e convivencia.*

76

## **ELABORACIÓN DE INFORME E TOMA DE DECISIONS**

*Se elaborará un informe onde se recollan as deficiencias detectadas e se realicen propostas de actuación.*

## **TRANSMISIÓN DE DATOS**

Existen 2 tipos de instancias como destinatarias da información recollida e elaborada: o propio departamento, adoptando as decisións oportunas e a xunta de avaliación.

## **12.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Sobre este tema para casos de alumnos con algún tipo de deficiencia académica ou psicopedagóxica, levarase un ritmo de traballo máis lento especialmente naqueles que comezan a ESO por imperativo legal, ou que xa repetiron varios cursos sen ter acadado un mínimo nivel académico ou, o que ven sendo o mesmo, sen ter practicamente as máis mínimas nocións de lectoescritura.

Non hai contemplada ningunha adaptación dentro da programación.

En Relixión a incidencia das carencias dos alumnos, con ser por suposto moi importantes, non ten a mesma repercusión que noutras materias.

77

~No caso de contar con algún alumno ou alumna tanto da ESO como de BACH que teña necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial, sobredotación ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, seguiranse as directrices que marque o centro.

~Todo o que se faga nesta asignatura será dacordo co diagnóstico psico-pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

A diversidade derivada do interese dos alumnos atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda dacordo coa súa situación persoal.

- ✓ Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino-aprendizaxe. Para iso adóptanse as seguintes medidas:
  - a. Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elixíndose en cada caso o máis apropiado.
  - b. Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades.
  - c. Utilizar metodoloxías diversas.
  - d. Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
  - e. favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.

### **13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

*Educación en valores*

*Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presente na aula de xeito permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. A maneira en que se entenden todos eles queda reflectida nos obxectivos específicos a seguir.*

*Apostamos por un enfoque preventivo e transformador, tratando de impulsar un cambio en determinadas actitudes do alumnado e que á súa vez fomenten valores socialmente desexables en consonancia cos valores cristiáns.*

*Tratamos de coidar escurpulosamente o uso da linguaxe e revisar os textos e ilustracións, evitando calquera elemento que poida atentarse contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos. A área de formación relixiosa préstase especialmente para traballar os seguintes temas:*

*Educación para a convivencia (moral e cívica). Establécense os criterios morais universais para derivar deles actitudes de tolerancia, respecto e non discriminación. Sublíñanse especialmente os valores cristiáns de amor, caridade, irmandade, unión, comunidade, perdón, solidariedade, comprensión, universalidade, etc..., como achega cristián a unha cultura universal de igualdade.*

*Educación do consumidor. Este tema debe contribuír ao desenvolvemento integral dos alumnos/as dotándoos de valores que posibiliten a construción dunha sociedade xusta, solidaria, responsable, capaz de mellorar a calidade de vida de todos. Un apartado importante que debe abordar este tema é ensinar a valorar criticamente os medios de comunicación.*

*Educación viaria. A educación viaria é unha parte da educación social, sendo unha eficaz base de actuación cidadá, dado que trata de crear hábitos e actitudes positivas de convivencia, de calidade de vida calidade medioambiental e seguridade viaria.*

*Comprensión Lectora e á expresión oral e escrita. A lectura de pasaxes orixinais non adaptados da Biblia constitúe una importante contribución ao fomento da lectura amais de servir como base para a realización doutras actividades de expresión oral e escrita. Da Biblia podemos aproveitar a gran diversidade de xéneros literarios e a súa riqueza expresiva.*

*Esta área tamén se presta especialmente para dialogar, debater e expresarse con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.*

*Comunicación Audiovisual. A clase de Relixión supón un espazo para dialogar, debater e expor temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.*

*Educación nas tecnoloxías da comunicación e información. Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade. Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.*

*Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.*

*Emprendemento. Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.*

*Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.*

*Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.*

*Educación cívica. Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.*

*Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.*

*Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións.*

*Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor das institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.*

*Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinação e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.*

*Prevención da violencia. Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.*

79

*Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo e analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe por esta causa para buscar solucións ao respecto.*

*Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.*

*Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.*

## **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

*Na contribución ao Plan de convivencia esta materia de relixión católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove. En todo momento se respectarán as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías.*

*Esta área traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade e todos aqueles indicadores xa reflectidos nesta programación.*

*Faremos fincapé nas seguintes accións:*

- *Asistencia puntual e diaria ás clases.*
- *Asistencia ao centro cos materiais necesarios para as clases.*
- *Respecto para as persoas que teñen crenzas distintas.*
- *Diálogo cos que pensan de xeito diverso.*
- *Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.*
- *Colaboración para a modificación da conduta do alumno ou alumna e seguimento nos cambios que se produzan.*
- *Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.*
- *Escoitar para entender.*
- *Compartir cos demais.*
- *Respecto aos compañeiros e a todo o persoal do centro.*
- *Non permitir e rexeitar actitudes racistas, sexistas ou discriminatorias.*
- *Moderación do consumo e coidado da hixiene persoal.*

### **ACCIÓNS PARA O PLAN DE CONVIVENCIA.**

80

*O Departamento contribuirá á aplicación do plan de convivencia do centro mediante dúas vías de intervención:*

- ❖ *De carácter explicativo e de difusión. Unha información complementaria ofrecida desde a tutoría enmarcada na propia situación da aula ou de posibles saídas, proporcionando ao alumnado as pertinentes aclaracións sobre as normas de convivencia e funcionamento.*
- ❖ *De carácter executivo. O profesorado do Departamento, é responsable de organizar a convivencia do grupo. Aplicando en cada caso a normativa vixente e dar conta de inmediato ás instancias oportunas para o seu coñecemento, constancia e posterior confirmación ou toma de decisións complementarias, se fose o caso.*

### **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES** **PROGRAMADAS PARA CADA CURSO.**

#### **OBXECTIVOS**

*Aínda que cada actividade posúe os seus obxectivos específicos moi concretos temos en conta os seguintes de xeito xeral:*



- *Procurar unha atención máis equilibrada e aberta o que provoca unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de relación interpersoal.*
- *Posibilitar un maior achegamento entre profesor e alumno.*
- *Estimular o traballo en equipo e favorecer os valores de solidariedade, apreciando o valor do distinto.*
- *Facilitar a convivencia.*
- *Integrar aos alumnos de distintas culturas.*
- *Completar a formación relixiosa estudando a súa aplicación práctica.*

## **CONCRECIÓN**

*As actividades deste Departamento de Relixión realizaranse sempre en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares que, no noso Centro, está baixo a supervisión de Vicedirección. Por iso a temporalización de cada actividade concreta farase co Plan que ha de establecerse nos primeiros días de clase cando se teñan os datos concretos de cada grupo. Así mesmo, como é normativo, todo o Plan pasará polo Consello Escolar do Centro. Os cursos e niveis participantes determinaránse posteriormente.*

*Valorarase coa Xefatura de Estudos a oportunidade de dar, ou non, participación aos alumnos que teñan sido apercibidos por mal comportamento anque os seus pais ou titores lles dean permiso para asistir á actividade.*

*No caso de saídas onde haxa ausencia de prazas será o profesor quen decida de xeito flexible, e dacordo co equipo Directivo, os criterios para permitirlle a asistencia a un determinado alumno.*

*Vaia por diante que o prioritario desta programación é propor obxectivos e metas realistas e que a súa consecución depende dos medios dispoñibles e da colaboración de alumnos, pais, titores de cada grupo e doutros profesores do Instituto.*

*Tamén nalgúns casos realizaranse se é posible en colaboración con outros Institutos para abaratar custos e para maior enriquecemento cultural dos alumnos.*

*Neste curso 2019-2020 procurarse aproveitar a experiencia de cursos anteriores con actividades de unha xornada ou puntuais e outras máis continuas a cotío, de xeito que escolleremos facer actividades de todas as posibles que referimos axiña repartidas segundo os diferentes cursos:*

*Actividades dunha xornada, puntuais ou no propio Centro:*

- Búsqueda de material en Internet.*
- Estudios monográficos.*
- Charlas-coloquios-mesas redondas.*
- Xornada de solidariedade no Nadal.*
- Celebración do Día da Paz.*
- Lectura da prensa cando proceda segundo os cursos e comentario de libros.*
- Participación en datas sinaladas colaborando con actividades organizadas por outros Departamentos que estean en relación cos obxectivos desta asignatura.*
- Actividades alternativas durante os recreos.*
- Participación na Campaña contra a Fame de Manos Unidas.*
- Exposición no hall do Instituto de tarefas realizadas*
- Foros: cine, documentais, música, teatro.*
- Actividades especiais nos tempos litúrxicos fortes de Nadal e Pascua.*

*Saídas:*

*Como posibles actividades complementarias e extraescolares estarían a realización de visitas a algún lugar na cidade de Pontevedra durante os meses do curso ou a visita comentada e guiada ó museo de Pontevedra para 1º ESO. Tamén a visita ao Mosteiro de Armenteira para os de 2º ESO. E incluso a algún dos edificios monumentais da cidade, como por exemplo a Igrexa de Santa María a Maior, S. Francisco, ou a igrexa da Peregrina para 4º ESO.. No mes de Decembro está previsto visitar en Valga un Belén de grandes dimensións que alí realizan os veciños para 1º ESO-2º ESO. Tamén a visita á Catedral de Santiago de Compostela para 3º e 4º ESO. E para 1º BAC está previsto visitar a Catedral de Tui e arredores.*

*Neste curso faremos saídas conxuntas cos alumnos de Relixión do Instituto Sánchez Cantón.*

- ✓ *1º ESO, sería a Santiago en principio o día 3 de marzo.*
- ✓ *2º ESO a Ourense o día 5 de novembro.*
- ✓ *3º ESO a Tui o 21 de xaneiro.*
- ✓ *4º ESO a Lugo o 4 de febreiro*
- ✓ *Queda pendente cos de 1º e 2º de BAC asistir ao musical 33 en Madrid, que se realizaría en novembro, data concreta sen determinar.*

*Todas as actividades non precisan dunha planificación previa con datas moi concretas nin unha dotación económica ou infraestrutura, polo que se poden realizar no momento que se considere máis oportuno. O departamento queda aberto á realización doutro tipo de actividades que, pola súa transversalidade, proponían outros profesores ou departamentos .*

82

*Quedaría por determinar os grupos implicados dependendo da evolución do curso.*

## **ACCIONES PARA A CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

*O Plan lector-escritor está baseado na mellora das habilidades lectoescritoras dos nosos alumnos, adoptando un compromiso lecto-escritor de centro os distintos departamentos. Debe articular todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente .*

*Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:*

*\* A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.*

*\* A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura e o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.*

*\* O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.*

*O plan lecto-escritor do centro garantirá a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Asumirase por parte de todos os departamentos unha implicación efectiva na mellora da competencia lingüística do noso alumnado, fundamentalmente na etapa da ESO pero extensible a outras etapas.*

*Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles. A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.*

*Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora. Así como os medios para conseguir unha escrita correcta. Os aspectos afectados serán os seguintes:*

- Restecto pola norma ortográfica, erros, acentuación, puntuación..*
- Corrección léxica e gramatical,vocabulario adecuado, concordancia, formas verbais...*
- Presentación dos escritos, caligrafía, pulcritude e limpeza, marxes, separación entre parágrafos...*
- Respecto plos prazos de entrega nos traballos.*

#### *Cursos implicados*

*ESO e Bacharelato.*

### Materiais e medios

*Ademais do propio libro de texto e do material do departamento , utilizarase se é o caso o amplo fondo de enciclopedias, manuais e literatura con que conta a biblioteca do centro.*

*Os textos elixidos para desenvolver a competencia lectora serán principalmente continuos.*

*Mentres que os da expresión oral e escrita estarán adecuados ós contidos do curso. Dramatizacións, concurso de contos..., exposición dun traballo na clase.*

### Actividades

*-Verificación do dominio de técnicas lectoras*

*-Vocabulario específicos*

*-Busqueda de información*

*-Elaboración de pequenos traballos, redaccions,etc.*

*-Introducción de textos alternativos: xornais, revistas, internet, etc.*

*-Favorecer o coñecemento de textos divulgativos relacionados coa materia.*

*-Lectura de imaxes e son.*

*-Producción de textos orais.*

*-Producción de textos escritos*

84

### Temporalización

*O inicio de cada tema e unidade didáctica.*

### Seguimento e avaliación do P.L.

*Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.*

*Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.*

## **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO**

*Adicarase un 20% do tempo da materia en cada curso ao emprego da aula de Informática para achegarse a contidos específicos ou, no caso de que sexa posible, ao uso de ordenador portátil e Canon video-proxector na aula para visualizar películas e presentacións en PowerPoint.*

*Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, diócesis, conferencia episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.*

*En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.*

*Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación expresión católicos.*

*Presentación de traballos en formato Power Point.*

*Visitas grupais á Biblioteca do centro e uso dos seus recursos.*

## **PROCEDEMENTOS PARA DAR COÑECEMENTO DA PROGRAMACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA**

85

*Unha copia da propia programación quedará no Departamento a disposición de quen o precise.*

## **PROCEDEMENTO DE ATENCIÓN A RECLAMACIÓN SOBRE CUALIFICACIÓNS FINAIS**

*Tras as aclaracións oportunas co Profesor, se procede o alumno ou os pais, poderán solicitar por escrito a revisión da cualificación no prazo de dous días lectivos a partir daquel en que se produciu a súa comunicación, baseada nos puntos que contempla a normativa.*

*A solicitude de revisión, será tramitada polo Xefe de Estudos, que trasladará ao Xefe de Departamento, que o comunicará ao profesor titor do alumno.*

*O departamento levará a cabo o proceso de revisión da cualificación emitida. E no primeiro día lectivo seguinte a aquel en que finaliceo periodo de solicitude de revisión o Departamento procederá ao estudo das solicitudes e emitirá un informe. Que será trasladado ó Xefe de estudos o cal comunicará aos pais do alumno, procedendo despois dependendo de si hai modificación de cualificación.*

**ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER EN 2ºBACH DESDE O  
REMATE DAS CLASES ATA A PAU**

*O Departamento atenderá a os posibles alumnos que o precisen, tendo en conta tamén que a materia non entra nas probas PAU.*

**O DEPARTAMENTO COLABORARÁ COAS MEDIDAS INSTITUCIONAIS PARA A  
MELLORA DAS COMPETENCIAS  
( PROBA DE AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO)**

86

**PROGRAMAS, ACTIVIDADES OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN/FORMACIÓN NOS  
QUE VAI PARTICIPAR O DEPARTAMENTO.**

- ✓ *Na Biblioteca.*
- ✓ *Diferentes cursos, grupos de traballo ou actividades relacionadas coa asignatura e co centro.*

**PROCEDEMENTOS E SISTEMÁTICA DE CONTROL, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN  
DO GRADO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OXECTIVOS DA  
ETAPA POR PARTE DO ALUMNADO**

*Os procedementos para avaliar a programación de Relixión Católica deste curso 2019-2020 son de dous tipos:*

*A) Unha avaliación de progreso:*

1. *Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.*

2. *Valorarase tal axuste nos informes de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.*

*B) Unha avaliación final:*

1. *Prestarase moita atención ao porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa relixión sen aprobar.*

2. *Os resultados e as conclusións, así coma os problemas que se detecten recolléranse na memoria final de curso a fin de telos en conta e adoptar as medidas que correspondan para a elaboración da programación didáctica do próximo curso.*

## **15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

87

### **PROCEDEMENTOS.**

- *Corresponde ao Departamento formular as necesidades, presentar propostas e introducir cambios.*
- *Realizaráse unha avaliación global das programación e consideraráse a necesidade de introducir as modificacións que se estimen oportunas.*

### **CRITERIOS**

- *Poñer en práctica os acordos asumidos.*
- *Análise de problemas ou necesidades non previstas.*
- *Utilización de recursos materiais ou humanos.*

*Adequar a proposta inicial do curso ás necesidades reais de cada grupo e modificar aqueles aspectos que contribúan a unha mellora no traballo académico diario. As posibles desviacións da programación deste ano teránse entón presentes para anos sucesivos. Prestar tamén atención ás saídas e actividades extraescolares.*

*En relación co proceso de ensino valóranse os seguintes aspectos:*

- *Obxectivos xerais.*
- *Criterios metodolóxicos xerais establecidos.*
- *Organización espacio-temporal adoptada.*

- Criterios xerais empregados para a avaliación do progreso do alumnado na aprendizaxe.
- Procedementos xerais empregados para a avaliación do progreso da aprendizaxe do alumnado.
- Plan de atención á diversidade en vigor.

En relación coa propia práctica docente valóranse os seguintes aspectos:

- Organización e xestión dos espazos do centro.
- Xestión do horario xeral do centro.
- Organización e xestión dos recursos do centro.
- Coherencia da actuación docente en función da planificación.
- Progresividade da actuación docente en función da planificación.
- Funcionamento coordinado dos órganos e persoas responsables da planificación e desenvolvemento da tarefa docente, isto é equipo directivo, claustro, CCP, departamentos e titores.
- Adecuación do intercambio de información co alumnado e as familias en canto ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Regularidade do intercambio de información co alumnado e as familias en canto ao proceso de ensino-aprendizaxe.

88

Elementos a valorar da programación didáctica:

- Concreción na programación dos obxectivos da materia, módulos ou ámbitos impartidos.
- Concreción na programación dos contidos da materia, módulos ou ámbitos impartidos.
- Concreción na programación dos criterios de avaliación, módulos e ámbitos impartidos.
- Concreción e adecuación dos mínimos esixibles.
- Deseño da planificación temporal para o curso académico.
- Contidos básicos seleccionados para o progreso educativo e a promoción.
- Organización dos contidos que permiten a atención á diversidade de motivacións, intereses e capacidades do alumnado.
- Organización programada das medidas educativas complementarias e de reforzo.
- Métodos, estratexias e recursos didácticos deseñados nas actividades de aula.
- Procedementos e instrumentos elixidos para avaliar as aprendizaxes do alumnado e seguir o seu progreso.



- *Integración dos valores e contidos que figuran na programación.*
- *Medida en que poida afectar a carencia de materiais e de acceso ao uso de TIC.*

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER  
DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA  
CURSO 2019/20

M<sup>a</sup> ISABEL PINTOS POCEIRO  
Entregada 27 de setembro 2019